



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 1 DE FEBREIRO DE 2011

LICENZAS.-

FAVORABLES.-

LIC/1030/2008.- MANUEL MARTINEZ ANTELO. Derruba e construcción de edificación auxiliar na estación de servizo da Rocha.

LIC/2525/2010.- CONSELLERÍA DE FACENDA DA XUNTA DE GALICIA.- Derruba dunha edificación illada, situada no Lugar de Roxos, Santa María de Villestro

LIC/1131/2010.- JOSÉ MANUEL NOYA ADAN.- Construcción de dúas vivendas unifamiliares no lugar de Pedrido

LIC/71/2011.- ELENA MARIÑO UZAL.- Construcción dun pequeno galpón para ferramenta de uso forestal e labranza no lugar de Casais.

LIC/642/2010.- TRAMEBHOR, SL.- Construcción de nave na rúa de José Villar Granjel, 23, C36, no SUNP-34, polígono industrial de Boisaca.

LIC/25/2010.- MARIO SEOANE MONTAÑA. Derruba de edificación auxiliar e construcción de nova edificación auxiliar na Canteira de Abaixo, 41.

LIC/816/2010 e LAP/149/2010.- ARIDOS CNC SL.- Acondicionamento e apertura dun vertedoiro de residuos non perigosos na canteira síta no Lugar de Grixoa.

LIC/2178/2010.- CONCEPCIÓN MERCEDES COBAS MALLOU. Construcción de dúas vivendas unifamiliares pegadas na rúa da Muíña, 36.

LIC/2675/2010.- CARMEN MÍGUEZ CAJADE. Prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 29 de xuño de 2010, para recheo dunha finca síta no Lugar do Agro do Medio.

DENEGADAS

LIC/2101/2010.- MANUEL PINTOS SOÑORA.- Vivenda unifamiliar illada no Lugar de Son de Abaixo.

PARCELACIONES

LIC/1300/2010.- JOSE MALLO GÓMEZ.- Parcelación urbanística presentada en parcela na rúa da Torreira, 43.

RECURSO DE REPOSICIÓN

LIC/791/2008.- SANTIAGO MELLA MALLO. Recurso de reposición contra acordo da Xunta de Goberno Local do 21 de outubro de 2008 polo que se acorda conceder a don Manuel Castro Bello licenza de derruba e construcción de nova edificación. (-)

DEVOLUCIONES DE FIANZA.-

67/11.- MOSBREY, SL...Obras de urbanización de 6 viv. Unifamiliares en Agro do Xeixo: 48.036'16 €

2696/10.- ACTIVIDADES INMOBILIARIAS VAAMONDE Y SANCHEZ, SL.- Expte. Lic/971/2006; 3.000 €.-

97/11.- MARIA ESTRELLA GUERRA GUERRA Expte. Lic/748/2006 3.000 €.-

96/11.- JOSE CASTRO GIGIREY Expte. Lic/2501/2007 36.000 €.-

66/11.- CODESEIRA INVERSIONES INMOBILIARIAS SL ...Expte. Lic/242/2002 7.032€.-

65/11.- BROS NOROESTE EMPRESA INMOBILIARIA, SL ...Expte. Lic/1802/20015.740 €.-

78/11.- CONSTRUCCIONES DIANESA, SL Expte. Lic/1800/2007 6.240,60 €.-

76/11.- CONSTRUCCIONES DIANESA, SL Expte. Lic/1800/2007 6.000 €.-

75/11.- CONSTRUCCIONES DIANESA, SL Expte. Lic/317/2007 1.500 €.-

550/08.- JOSE RAMON RIVEIRO PEDREIRA Expte. Lic/550/2008 3.000 €.-

OCIHR

LICENZAS.-

LIC/185/2009.- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Construcción de edificio para laboratorio de radiofísica na estrada de San Lourenzo.

LIC/211/2009.- PRO&FER.- Rehabilitacion de vivenda unifamiliar na Corredoira dos Muíños nº 13.

4 a 23.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

25.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestructuras relativa a corrección de erros no punto único da sesión de data 29.11.2010.

Corríxense dous erros.

26.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestructuras relativa á aprobación de convenio de colaboración entre o Concello de Boqueixón e o de Santiago para o abastecemento de auga potable á zona de Marrozos.

Apróbase o devandito convenio para o abastecemento de auga potable á zona de Marrozos. A facturación derivada do subministro realizarase a trimestre vencido unha vez efectuado o mesmo. A factura xirarase á empresa Aquagest, SA, na súa calidade de concesionaria do servizo de abastecemento de auga potable do Concello de Santiago de Compostela.

27.- Proposta do concelleiro delegado de Mocidade relativa á adxudicación do suministro de material para equipamento de sonido-iluminación para o Centro Xove de Creación Cultural.

Adxudícase o contrato de referencia á empresa SUTOP, SL, por importe de 33.850,68 euros.

28.- Proposta da concelleira delegada de Réxime Interior relativa á adxudicación provisional do servizo de Asistencia xurídica ao concello de Santiago.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa UTE ROIBÁS E CONZÁLEZ-CONCHEIRO 3, cun importe de 83.333,33 euros en 2011, 100.000 euros en 2012 e 16.666,67 euros en 2013.

29.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á contratación de aluguer de instalacións para a realización das actividades de Bolsa de Emprego.

Acórdase a sinatura dun contrato de aluguer do local de oficinas sito na rúa do Hórreo, 100, baixo, por un período de 4 meses por importe de 7.080 euros.

30.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación do Plan de Formación Continua 2011 do Concello, e da solicitude de subvención para o seu financiamento ao Instituto Nacional de Administración Pública.

Apróbase o devandito plan por importe de 148.514 euros e solicitase unha subvención para sufragalo.

31.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa a creación dun rexistro de saída de documentos para o departamento de Persoal.

Acórdase a creación do devandito rexistro.

32.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello e a Xunta de Galicia para materializar as achegas ao convenio da Capitalidade.

Apróbase o convenio no que se prevé unha dotación específica para o Concello de 2.703.000 euros.

33.- Transmisión de licenzas de taxi.

Apróbase a tranmisión dunha licenza de taxi.

34.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á proposta de resolución dos recursos de reposición interpostos contra a aprobación definitiva da Conta de liquidación do polígono A do SUNP-6. San Lázaro.

Rexéitanse os recursos de reposición interpostos.

35.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á denegación da aprobación inicial do Estudo de detalle da parcela con edificación interior existente no lugar de Barro-Toxeira de San Lourenzo, nº 11.

Denégase a tramitación do estudo de detalle de referencia por incumprimento das determinacións do planeamento superior (PXOM) e do artigo 73 da LOUG.

URXENCIAS

1.- Adxudicación do contrato de subministro de 37.000 calendarios de mesa.

Adxudícase o servizo de edición e impresión de 37.000 calendarios de mesa do ano 2011 a favor de MARÍA PIÑEIRO MOURELLE, por importe de 35.798,45 euros.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á solicitude de subvención para o proxecto de mobilidade LEONARDO DA VINCI do programa de aprendizaxe permanente 2011.

Apróbase a solicitude de subvención ao Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos (OAPEE) para o devandito proxecto por importe total de 128.532 euros.

3.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á provisión dunha psicóloga para o CIM.

Acórdase a dotación dun/ha psicólogo/a por un período de 6 meses prorrogable a 10.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Obras e infraestruturas relativa á convalidación de obras na rúa Arzúa.

Acórdase convalidar as actuacións realizadas na obra denominada SUBSTITUCIÓN DE MATERIAIS E TECNOLOXÍAS DE RECOLLIDA SELECTIVA DE LIXO MEDIANTE COLECTORES SOTERRADOS E MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA RÚA ARZÚA (ALMÁCIGA) incluída no FES 2010.